



POPULARES



*Grupo Municipal Popular
Santiago de Compostela*

PROPOSICIÓN SOBRE O INCUMPRIMENTO DO ACORDO UNÁNIME PARA A REFORMA DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PLENO MUNICIPAL

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incremento da participación cidadá debe ser un dos aspectos prioritarios na acción dun Goberno municipal: participación na xestión municipal, pero tamén no proceso de toma de decisións sobre os máis variados asuntos.

Esta prioridade aparece reflectida nos programas das diferentes organizacións políticas que concorreron ás pasadas eleccións municipais, onde se expresa a vontade de incrementar esa participación na xestión ordinaria da Corporación Municipal.

Esa coincidencia de base nos diferentes programas fixo posible a adopción dun acordo unánime no primeiro pleno do actual mandato, celebrado o 9 de setembro de 2015.

Daquela, todos os grupos municipais tomamos a decisión marcar unha prioridade na reforma da normativa que regula o funcionamento do principal órgano de participación, debate e control no Goberno Municipal, porque eramos conscientes da necesidade de adaptar o texto aos recentes cambios na lexislación e na xurisprudencia, integrar aspectos sobre o uso das novas tecnoloxías, regular mellor a participación cidadá e darlle maior axilidade ás intervencións nos debates.

Partiamos da convicción de que o actual Regulamento contén moitos aspectos que o converte nun documento demasiado extenso e enleado, que complica a necesaria axilidade dos labores de control e de fiscalización e que, en último termo, lonxe de facilitar o diálogo e a participación no seo da Corporación, dificulta o desenvolvemento dunha acción eficaz, tanto da oposición como do Goberno, a prol de acadar unha administración cada paso máis centrada nas persoas.

Todos estivemos de acordo en que se trata dunha norma perfectible, que se pode mellorar, facela máis sinxela e, á vez, máis operativa e máis eficaz, para avanzar na transparencia, na participación e, en definitiva, na mellora deste órgano vital de organización e funcionamento da vida municipal que é o Pleno do Concello.

Conforme a iso, naquel primeiro Pleno do mes de setembro acordamos por unanimidade iniciar a reforma do Regulamento Orgánico do Pleno subscribindo todos os grupos que *"o Concello de Santiago creará unha Comisión para a reforma do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago –aprobado o 27 de decembro de 2007 e publicado no BOP da Coruña do 31 de xaneiro de 2008- co obxectivo de ter antes de que remate 2015 un novo documento normativo que rexerá o máximo órgano de decisión e de representación cidadá, como é o Pleno municipal, co fin de contribuír a promover a participación da veciñanza e do asociacionismo na xestión municipal, ao tempo que favoreza a democratización, axilidade de transparencia na toma de decisións"*.

Transcorridos catro meses desde aquel acordo común e superados os prazos concretos establecidos no propio texto do acordo, non temos constancia de ningunha medida adoptada polo Goberno local para darlle cumprimento ao compromiso que o seu propio grupo tiña apoiado na súa integridade. Nin se ten convocado aos grupos para crear a Comisión específica para esa reforma, nin nada se sabe da existencia dun novo documento normativo que –segundo o propio acordo- tería que estar elaborado antes de rematar o ano 2015.

Ante o incumprimento e a desidia que ten mostrado o Goberno municipal nun asunto de gran repercusión para facer do Pleno un órgano eficaz para a acción de goberno e control do Concello, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta á consideración o seguinte

ACORDO

O Pleno municipal insta ao correspondente órgano de Goberno a que antes do remate do actual mes de xaneiro proceda a convocar a Comisión para a Reforma do Regulamento e impulse, de forma prioritaria, a elaboración dun novo documento reitor do Pleno municipal, de forma que poida entrar en vigor antes de que remate o primeiro semestre do ano 2016.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2016



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela